

# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 439/2016.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro, e

### ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **28 de xullo de 2016 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 14 de xullo de 2016.**

**2.- Aprobación do Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a construción dunha pasarela peonil sobre o río Sar.**

**3.- Aprobación da modificación nº 1 do contrato de servizos de elaboración do Plan Especial de protección da ex-Colexiata de Santa María de Iria e o seu contorno. Expte. 24/2012-SER-PA.**

**4.- Comunicación de cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento adicado a droguería, sito na rúa Juan Rodríguez nº 6, formulada por don Emilio Martínez Fraiz. Expte. 41/201/CT.**

**5.- Comunicación previa de obras de demolición de substitución de tres fiestras en fachada de vivenda existentes en finca sita no lugar de Pazos, formulada por don José Manuel Somoza Alves. Expediente 123/2016/CP.**

**6.- Comunicación previa de obras de demolición de fábrica de bloque de formigón sobre muro de cachotería existente en finca sita no lugar de Porta dos Mariños, formulada por dona María Ángeles González Refojo. Expediente 117/2016/CP.**

**7.- Comunicación previa de obras de recomposición de muro de peche en finca sita no lugar de Vista Alegre, formulada por don Antonio Agrasar Ríos. Expediente 110/2016/CP.**

**8.- Comunicación previa de obras de lavado e pintado de fachadas dianteira e traseira de vivenda existente sita no lugar de Extramundi 134, formulada por dona Ramona Cortiñas Castro. Expediente 125/2016/CP.**

**9.- Comunicación previa de obras de pintado de fachadas lateral esquerda e traseira de vivenda sita no lugar de A Matanza nº 59, formulada por don José Velo Rey. Expediente 107/2016/CP.**

**10.- Comunicación previa de obras de recomposición de muro de peche en finca sita no lugar de Morono, Herbón, formulada por don José Chan Dios. Expediente 118/2016/CP.**

**11.- Autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza no número 55 da avenida Compostela, solicitada por dona Patricia Mata Castro. Expediente 18/2016-ODP-TR.**

**12.- Baixa da licenza para entrada e saída de vehículos, número 35, a nome de dona Purificación Graña Eiras.**

**13.- Ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos solicitada por don Juan Manuel Nogueira Gens, para a entrada a unha finca da súa propiedade situada no nº 11 da avenida da Estación.**

14.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 1429.

15.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 2282.

16.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 2379.

17.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 2302.

18.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 60.

19.- Aprobación de facturas e gastos.

20.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola Intervención Municipal.

21.- Ordenación de pagos nº 14/2016.


22.- Amortización anticipada de débeda financeira do Concello de Padrón con cargo ao Plan Provincial de Aforro e investimento (PAI) 2016.

23.- Rogos e preguntas.

**Segundo.** Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 26 de xullo de 2016



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min  
A Secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez